

Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESURES

Recadación

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL*

A N U N C I O

Aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal do Concello de Pontecesures, procédese á publicación do texto íntegro resultante, de conformidade co artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE PONTECESURES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello debe modificar a taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal, que se recollerá nunha Ordenanza fiscal reguladora da mesma.

Co obxectivo da gratuidade da atención educativa na etapa de educación infantil de 0-3 anos, a Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engadiu no seu artigo 23.Seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos.

No número 2 estableceu que as escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que implantasen para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificuen, serán compensadas pola consellería competente en materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4NKEWMC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

Para o ano 2022 e a través do disposto no artigo 29.Dous da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engádesse un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, establecendo que co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de alcanzar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022/23, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo con a regulación nela establecida para os distintos supostos que contempla.

A realización da compensación pola bonificación do 100 % da atención educativa, así como a relativa aos gastos de mantemento dos centros, levará a cabo a través dunha convocatoria anual de subvencións a fin de axilizar a concesión destas axudas que garantan a calidade na continuidade dun servizo fundamental prestado ás familias polas escolas infantís 0-3 de titularidade municipal.

Para levar a cabo a compensación pola bonificación do 100%, se aprobou a Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23. Este procedemento se tramitará en réxime de concorrencia non competitiva.

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO LEGAL

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da CE, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Pontecesures establece a taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Pontecesures.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Tendo en conta que os usuarios e usuarias do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais, nais, titores/as ou calquera outro/a representante legal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4KFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

ARTIGO 4º .—PREZOS

O Concello de Pontecesures, en base á Orde de 22 de xullo de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/2023, aplicará o réxime de prezos das escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Xunta de Galicia, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023, sendo os seguintes:

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 € mensuais.

Establécese así mesmo unha xornada reducida, de mañá ou de tarde, de ata un máximo de 5 horas, sendo neste caso o prezo do 85% da xornada completa.

O prezo pola atención educativa en xornada reducida fíxase en 143,87€ mensuais (ata un máximo de 5 horas).

2. Prezo por servizos complementarios.**a) Servizo de comedor.**

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 € mensuais.

No caso de nenas/os que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23€ por día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 € .

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

A tarifa de prezos establecidos nesta Ordenanza fiscal actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante Resolución da Xunta de Goberno Local, que se publicará no Taboleiro de Edictos electrónico da sede electrónica municipal.

3. Matrícula.

Fíxase unha matrícula universal de 20 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4KFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



ARTIGO 5º.—REGRAS E DEFINICIÓNS PARA A OBTENCIÓN DA BASE IMPOÑIBLE.

1. Para a determinación do importe mensual a pagar polas persoas obrigadas segundo o art. 3 da presente ordenanza, entenderase por unidade familiar a formada polas persoas vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal non separados legalmente, e:

a) As/os fillas/os menores, con excepción dos que, con consentimento das/os pais/nais, vivan independentes destes/as.

b) As/os fillas/os maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c) As/os fillas/os maiores de dezaoto anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

d) As/os fillos/as maiores de dezaoto anos que convivan no domicilio familiar.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

2. Para a obtención da base imponible tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire este artigo, cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

ARTIGO 6º.—REDUCIÓNS.

Reducións segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4KFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

Segundo a renda per cápita da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

1. Atención educativa:

Tramos renda per cápita		
Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) (579,02€)	Desde	Ata
Inferior ao 30 % do IPREM	0,00 €	173,70 €
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	173,7	289,50€
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	289,51 €	434,26 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	434,27 €	579,01 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	579,02 €	723,77 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	723,78 €	868,52 €
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	868,53 €	1.158,03 €
Superiores ao 200 % do IPREM	Máis de	1.158,04 €

*A atención educativa será bonificada ao 100% para os usuarios que cumplan os requisitos definidos na normativa autonómica aplicable, de acordo co artigo 8º da presente Ordenanza fiscal.

Renda en relación a Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM),	Xornada Completa	Xornada Reducida (85%)	*Atención educativa bonificada
Inferiores ó 30% IPREM	0€	0€	0€
Entre o 30% e o 50% do IPREM	0€	0€	0€
Entre o 50% e o 75% do IPREM	34,91 €	29,67€	0€
Entre o 75% e o 100% do IPREM	69,81€	59,34€	0€
Entre o 100 % e o 125 % do IPREM	112,13€	95,31€	0€
Entre o 125 % e o 150 % do IPREM	133,29€	113,30€	0€
Entre o 150 % e o 200% do IPREM	147,05€	124,99€	0€
Superior ó 200% do IPREM	169,26€	143,87€	0€

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4NKEFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://portal.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

2. Servizos complementarios:**2..1. Servizo de comedor:**

Reducións segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

Segundo a renda per cápita da unidade familiar aplicaranse ao prezo polo servizo mensual de comedor as seguintes reducións:

Tramos renda per cápita			Comedo
<i>Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) (579,02€)</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>	<i>r</i>
<i>Inferior ao 30 % do IPREM</i>	<i>0,00 €</i>	<i>173,70 €</i>	0,00€
<i>Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM</i>	<i>173,7</i>	<i>289,50€</i>	17,45 €
<i>Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM</i>	<i>289,51 €</i>	<i>434,26 €</i>	17,45 €
<i>Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM</i>	<i>434,27 €</i>	<i>579,01 €</i>	26,45 €
<i>Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM</i>	<i>579,02 €</i>	<i>723,77 €</i>	37,02 €
<i>Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM</i>	<i>723,78 €</i>	<i>868,52 €</i>	52,89 €
<i>Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM</i>	<i>868,53 €</i>	<i>1.158,03 €</i>	63,47 €
<i>Superiores ao 200 % do IPREM</i>	<i>Máis de</i>	<i>1.158,04 €</i>	74,05 €

Os servizos complementarios serán de utilización voluntaria polos nenos e nenas asistentes ao centro.

O prezo do comedor por días soltos e o servizo de horario ampliado non están suxeitos a ningunha redución.

ARTIGO 7º.- DESCONTOS

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo resultante, logo de aplicar as reducións correspondentes, aplicaranse os seguintes descontos, no servizo de comedor e horario ampliado que non son acumulables entre si:

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4NKEWMC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://portal.telesistemas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

DESCONTOS EN COMEDOR E HORARIO AMPLIADO (non acumulables)	
<i>Familia numerosa</i>	20%
<i>Familia monoparental</i>	20%
<i>Outros irmáns no centro</i>	20 % o segundo e seguintes
<i>Ingreso despois do día 15 do mes</i>	50% da cota
<i>Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais exención da cota a partir do 2º fillo ou filla que acuda á mesma escola</i>	Exención
<i>Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota</i>	Exención

Enténdese por familia numerosa aquela que reúna as condicións de determina a ley 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da de vindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese na Escola con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

ARTIGO 8º- EXENCIONES

Para alcanzar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, se prevé unha exención dos prezos previstos na presente Ordenanza, polas cantidades correspondentes á atención educativa, do alumando de 0-3 anos, de acordo cos requisitos que a normativa autonómica contemple en cada momento.

Estará igualmente exento o prezo previsto nesta Ordenanza fiscal en concepto de matrícula.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4KFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://portal.tecursos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

<i>Renda en relación a Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM),</i>	<i>Atención educativa</i>	<i>Matrícula</i>
<i>Inferiores ó 30% IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Entre o 30% e o 50% do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Entre o 100 % e o 125 % do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Entre o 125 % e o 150 % do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Entre o 150 % e o 200% do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>
<i>Superior ó 200% do IPREM</i>	<i>0€</i>	<i>0€</i>

Esta exención alcanzará a un máximo de 11 mensualidades.

A insistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar a baixa do neno ou do nena usuario/a para a inclusión no programa da gratuidade na obtención da bonificación, debendo aboar o prezo correspondente.

Exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor e as actividades extra á atención educativa.

ARTIGO 9º- LIQUIDACIÓN.

A liquidación da cota tributaria practícarase por meses naturais e deberán abonala os interesados nos 10 primeiros días de cada mes. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente a dito mes ingresarase nos 10 días seguintes á data de ingreso.

No caso de utilización do comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

Agás o disposto no artigo 8º a falta de asistencia da/o nena/o ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

ARTIGO 10º.— SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar as cotas correspondentes durante os seguintes períodos:

a) 0 mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4KFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



Mércores, 30 de novembro de 2022

Núm. 229

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar as cotas correspondentes no seguinte suposto:

a) Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o concelleiro/a encargado da área de Servizos Sociais que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión da cota, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo de 10 días seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos nos que o/a Concelleiro/a encargado/a da área de Servizos Sociais acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de 10 días seguintes ao da notificación da resolución denegatoria.

ARTIGO 11º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Pontecesures,

O alcalde

Juan Manuel Vidal Seage

(Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:QFFSEWVYBLUQH1UH

Cod. Validación: 5K5NTN4KFWWC6JHDTGFZCA4W
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

